


DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, CON MOTIVO DO FALECIMENTO DE XOHANA TORRES

Todos os grupos políticos desta corporación queremos facer constar publicamente o noso gran pesar polo falecemento, o pasado 12 de setembro, da escritora compostelá, Xohana Torres, e realizar así neste pleno un último homenaxe e recoñecemento á toda súa traxectoria profesional e vital. Sen lugar a dúbidas, Xohana consolidouse como un dos grande nomes da literatura galega, unha muller querida e admirada, cunha extensa e variada obra escrita, que abrangue a poesía, a narrativa, o ensaio e a literatura infantil. Unha voz feminina e feminista, que non só destacou no ámbito literario, senón que tamén tivo un papel imprescindible na reconstrución da cultura galega e na defensa da nosa lingua.

Hai case 25 anos, que o Concello de Santiago de Compostela quixo recoñecer e resaltar a importancia da figura de Xohana Torres e por iso no ano 1993 a Concellaría da Muller instituíu un premio literario co seu nome. O Premio Xohana Torres, convocado de forma ininterrompida ata o ano 2010, foi adquirindo un gran prestixio na nosa cidade. A través do mesmo tense feito tamén unha importante achega ao coñecemento sobre as mulleres que destacaron nalgún eido, tanto na actualidade como no pasado, na vida da nosa comunidade. Actualmente, este premio, en vigor de novo dende o 2016, está orientado precisamente á recuperación da memoria histórica das mulleres de Santiago de Compostela, premiándose ensaios literarios ou científicos que aborden a historia social e política das mulleres compostelás e que fagan visible as súas diversas experiencias e roles sociais. Creemos que este premio é unha moi boa maneira de seguir



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

honrando e lembrando a Xohana Torres, ao tempo que contribuímos a construír unha cidade máis igualitaria, feminista e inclusiva.

Doutra banda, outra forma fermosa e duradeira de lembrar a Xohana Torres será que a futura Casa das mulleres compostelás poida levar o seu nome. Así, se lle fixo saber á escritora pouco antes do seu pasamento, feito que a emocionou profundamente.

Santiago de Compostela, 21 de setembro 2017

Marta Lois González

Francisco Reyes Santiás

Voceira do Grupo Municipal CA

Voceiro do Grupo Municipal PSOE

Agustín Hernández Fernández

Rubén Cela Díaz

Voceiro do Grupo Municipal PP

Voceiro do Grupo Municipal BNG